



PLAN DIXITAL

CPR FERROVIARIO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro.
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3. Breve xustificación do mesmo.
- 1.4. Proceso de elaboración.

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO.

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción.
- 4.2. Propostas de mellora (revisión).

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CPR FERROVIARIO

R/ Coruña 14

Teléfono: 982400780

cpr.ferroviario@edu.xunta.gal

www.colexioferroviario.com

O Colexio Ferroviario conta coas etapas de Educación Infantil, Primaria e ESO.

- Educación Infantil (2º ciclo): 3 unidades
- Educación Primaria: 6 unidades
- Educación Secundaria: 4 unidades

Ten aproximadamente 300 alumnos e 23 profesores.

É unha cooperativa de ensino, a única en Monforte de Lemos que ten concerto pleno coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Ferroviario, atópase no Barrio da Estación. Atende dende a súa fundación no ano 1931, ás necesidades de escolarización deste barrio e mais das zonas próximas da súa influencia: Rivasaltas, Rioseco, As Cruces, Reigada, O Morín, Vilanova, etc., que debido á súa proximidade non cómpre utilizar medio de transporte.

Este barrio da cidade de Monforte ten unhas características moi singulares xa que nace e desenvólvese a carón do Ferrocarril. Conta con servizos sociais: Entidades Bancarias, Cuartel da Garda Civil, Estación de Autobuses, Club Fluvial, Instituto Secundaria e outros Centros Escolares, etc., que se atopan integrados na comunidade aínda que os servizos culturais e de lecer dispoñibles son limitados.

Non existen na área de influencia problemas de marxinación ou de conflito social de calquera tipo, nin características culturais diferenciadoras con respecto ao resto da cidade.

Trátase dunha poboación principalmente obreira que, engadidos os núcleos rurais anexos, configura unha zona de servizos e pequenas industrias de tipo artesán e familiar: reparación de automóbiles, construción, madeireiras, agrícolas e gandeiras xunto con outras de servizos funcionariais. A sociedade está formada por obreiros e empregados asalariados de clase media con niveis de formación heteroxéneos en que predomina o nivel medio. Debido a que unha grande parte de poboación é empregada de RENFE ou pertence ó corpo da Garda Civil, pola mobilidade que estes postos xeran pódese deducir que en xeral a lingua falada neste barrio é o castelán.

A grande maioría dos alumnos vive cos seus pais, ou cun deles, e só unha mínima parte vive con avós ou outros parentes. En xeral, podemos dicir que os nenos asisten con regularidade ó colexio e que as familias preocúpanse pola súa marcha na escola.

No noso Proxecto Educativo establececese que o alumnado ,ao rematar a etapa, debe ser quen de facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente, avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos, ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas e ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información contrastándoa actuando é necesario e respectar as normas de conduta acordadas socialmente. Neste senso, o Plan Dixital é quen de establecer as bases para a mellora desa competencia.

Do mesmo xeito, a nivel de infraestruturas e competencias do profesorado, o Plan Dixital quere establecer as bases de mellora necesarias para adquirir unha maior rendibilidade dos noso recursos e tamén da nosa habilidade para utilizar todas as novas tecnoloxías que imperan na nosa sociedade e que poden axudar e poñer en valor o noso traballo.

A finalidade última é poder estreitar esa fenda dixital que, en moitos casos, pode minorar o proceso de ensino aprendizaxe.

Este Plan Dixital será parte da Programación Xeral Anual do centro no curso 2023/24, do mesmo xeito que aparecen outros plans educativos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración deste Plan Dixital é condición obrigada en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos así como marcan as leis indicadas:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan comezou ao inicio do curso 2021/22, establecendo o equipo de dinamización que consta de:

- Ényd Fernández López (Directora)
- Irene López Prieto (Coordinadora)
- María Belén Vázquez López (Xefa de Estudos)
- Dámaso López Fernández (Educación Primaria)
- Carla Fernandes Quiroga (Educación Infantil)

Contando coa asesoría de María Jesús Casado Barrio como mentora do noso equipo.

Ao longo do primeiro trimestre realizáronse os test Selfie correspondentes ao equipo directivo, profesorado e alumnado das etapas educativas do nos centro. Así obtemos os resultados necesarios para estableces os obxectivos deste plan, é dicir, un punto de partida.

No segundo trimestre realizáronse os test de competencia dixital docente e xa no último trimestre establécense os obxectivos a cumprir co plan a partir da análise DAFO obtido cos informes Selfie e TCDD.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O colexio dispón dunha conectividade de fibra óptica con cable e tamén sen fíos.
- Todas as aulas están dixitalizadas cun ordenador, proxector e altosfalantes integrados na aula, e cámaras web. Ademais, dispoñemos dunha sala de ordenadores para o alumnado con 21 equipos e proxector e altosfalantes.
- Todas as aulas de Infantil e Primaria teñen taboleiros dixitais ou monitores interactivos. Nos despachos de Administración e Dirección temos equipos de uso exclusivo para tales fins. Na biblioteca dispoñemos dun ordenador de consulta con acceso a Internet.
- O centro dispón de páxina web, aula virtual para o traballo dos alumnos e profesores, e con Abalar para comunicación cos pais, nais e titores.
- O mantemento dos equipos está derivado a unha empresa externa.
- O plan de contingencia establece protocolos a través da aula virtual do centro e de videoconferencias a través de Google Meet.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes utilizadas para a análise DAFO foron os datos extraídos do informe SELFIE xunto cos datos do informe do TestCDD que nos facilitou a Consellería na plataforma Fprofe.

Outras fontes foron as diferentes opinións que se estableceron nas reunións do equipo despois de escoitar ao resto dos docentes nos Claustros que se trataron ditos temas.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.2	2.2			
	Profesorado	3.3	2.7			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1.9	1.8			
	Profesorado	2.9	2.3			
	Alumnado	3.5	3.2			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.6	2.6			
	Profesorado	3.6	2.8			
	Alumnado	3.5	3.2			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	1.8	1.7			
	Profesorado	3.1	2.2			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1	4.1			
	Profesorado	4.3	3.6			
	Alumnado		3.9			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9	2.9			
	Profesorado	3.3	2.7			
	Alumnado	3	2.9			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.8	2			
	Profesorado	2.1	2			
	Alumnado		2.5			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.4	3			
	Profesorado	3.6	3			
	Alumnado	3.6	3.3			

2.2.1. RESUMO DO Test CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	24	79,2%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
53,6	Explorador/a (A2)	76,5	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>48,3</u>	Explorador/a (A2)	<u>68,2</u>	Integrador/a (B1)
EP	<u>49,9</u>	Explorador/a (A2)	<u>77</u>	Integrador/a (B1)
ESO	<u>66,1</u>	Integrador/a (B1)	<u>79,3</u>	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	4	21,1%
A2	8	42,1%
B1	7	36,8%
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa conexión a Internet en toda as aulas. Boa asistencia técnica. Boa infraestrutura técnica en cada aula.	ncompatibilidade horaria no uso da aula de Informática. Insuficiente acceso a tecnoloxías asistenciais para o alumnado NEAE.
	PERSOAL DOCENTE	Boa disposición e colaboración para adquirir novas competencias. Uso axeitado dos recursos e entornas virtuais.	Formación dixital do docente en proceso. Prácticas de avaliación insuficientes. Insuficiente participación en proxectos interdisciplinarios.
	PERSOAL NON DOCENTE	Non consta.	Non consta.
	ALUMNADO	Boa disposición de equipos dixitais por parte do alumnado no fogar Coñecemento de diverso software e aplicacións sen axuda externa.	Uso tardío da computadora no centro educativo. Uso inadecuado do ordenador no fogar.
	FAMILIAS	Boa comunicación dixital coa comunidade educativa.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Notable equipamento para a organización do centro en todos os espazos.	Mellora na utilización de distintas ferramentas organizativas.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Boa disposición a mellorar a situación dixital actual. Boa comunicación entre a administración educativa e o centro educativo.	Os centros concertados aínda que son sostidos con fondos públicos, non teñen a mesma dispoñibilidade das diferentes plataformas dixitais as que teñen acceso os centros públicos. Información máis axeitada e concisa a hora de implantar diferentes protocolos. Máis prazas para os cursos de formación en fprofe. Máis tempo para formacións específicas do profesorado dentro do horario laboral.
	LEXISLACIÓN	Proceso de mellora da estratexia dixital.	Unha lexislación máis acorde coa realidade dos centros e as súas singularidades.
	CONTORNA	Boa disposición a colaboración con outras institucións.	Máis comunicación coas administracións da contorna.
	ANPA	Boa relación e comunicación coas familias.	Non consta.
	OUTRAS ENTIDADES	Non consta.	Non consta.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tendo en conta o establecido no apartado anterior, o equipo decidiu marcarse para o curso 2022/23 diferentes obxectivos. Estes obxectivos son reais e asumibles, sen embargo, comprendemos a necesidade da participación de toda a comunidade educativa, polo que, a súa realización, depende en moita medida do grao de implicación dos mesmos.

Os obxectivos, así como as áreas nas que se desenvolven, os indicadores, etc. están establecidos nas seguintes táboas:

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro, especialmente en EI.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (mediante enquisa).					
Valor de partida:	80%					
Valor previsto e data:	90%				21/06/2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas por parte do profesorado.	Equipo directivo.	22/03/2024	Dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Fomentar a titorización entre iguais para sacarlle o máximo partido a AbalarPro.	Equipo directivo.	21/06/2024	Dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (A)						
OBXECTIVO 2:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de colaboracións con outras entidades (Memoria anual).					
Valor de partida:	3 colaboracións.					
Valor previsto e data:	4 colaboracións.			21/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Equipo directivo.	21/06/2024	Convocatorias das charlas. Solicitud destas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (pegada dixital, orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Equipo directivo.	21/06/2024	Canles de comunicación para establecer contactos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipamento (C)						
OBXECTIVO 3:	Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro.				Acadado	
Responsable:	Entidade titular do centro. Persoa coordinadora TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de dispositivos actualizados e/ou renovados					
Valor de partida:	50%					
Valor previsto e data:	70%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.	Entidade titular do centro. Persoa coordinadora TIC.	15/12/2023	Parte de incidencias e estado. Listaxe de equipos de XADE-DRD.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital.	Entidade titular do centro. Persoa coordinadora TIC.	31/07/2024	Listaxes previas. Documentos coas propostas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 4:	Dar a coñecer e fomentar o uso do material da biblioteca destinado a consecución dunha maior competencia dixital na búsqueda, selección e análise da información.				Acadado	
Responsable:	Titularidade do centro e responsable da biblioteca.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de equipo dixitais operativos a disposición do alumnado.					
Valor de partida:	Ningún ordenador dispoñible para o uso do alumnado na biblioteca.					
Valor previsto e data:	Catro ordenadores dispoñibles para o uso do alumnado na biblioteca.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Buscar o espazo e acondicionar as instalacións para a conexión dos equipos informáticos.	Titularidade do centro e responsable da biblioteca.	21/12/2023	Plano do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitar e instalar os catro equipos informáticos na biblioteca.	Titularidade do centro e responsable da biblioteca.	01/06/2024	Documentmto de solicitude. Equipos informáticos dispoñibles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Crear e difundir un protocolo de utilización dos novos equipos para o alumnado e profesorado.	Titularidade do centro e responsable da biblioteca.	21/06/2024	Documento de desenvolvemento do protocolo. Visitas guiadas á boblioteca.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 5:	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente, explorando novas modalidades de ensino no ámbito dixital.				Acadado	
Responsable:	Profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de recursos dixitais creados polo profesorado.					
Valor de partida:	Seis recursos dixitais creados por docente					
Valor previsto e data:	Dous recursos máis por ano escolar.			31/07/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de cada etapa educativa.	Profesorado.	31/07/2024	Software específico. Recursos na rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Publicar na aula virtual recursos dixitais creados polo profesorado, adaptados ao currículo das distintas etapas educativas.	Profesorado.	31/07/2024	Aula virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 6:	Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado con NNEE.				Acadado	
Responsable:	Departamento de Orientación.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades adaptadas por materia ao remate do mes de incorporación ao centro do alumno ou alumna.					
Valor de partida:	Tres actividades adaptadas en todas as materias implicadas.					
Valor previsto e data:	Catro actividades adaptadas nas materias implicadas.			21/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Convocar reunión do DO para a selección das competencias nas que se fará a adaptación e as materias implicadas segundo necesidade en cada trimestre	Xefe do DO.	31/05/2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Convocar reunión do DO co equipo docente para a selección de actividades ou contidos a adaptar segundo necesidade en cada trimestre.	Xefa do DO e xefatura de estudos.	31/05/2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Adaptar os contidos ás necesidades ao longo de cada trimestre.	Profesor da materia e responsable da AV.	31/05/2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4: Implementar as adaptacións na aula virtual de cada materia ao longo de cada trimestre.	Profesor da materia e responsable da AV.	31/05/2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 7:	Promover e potenciar o uso de materiais de Polos Creativos.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que participa na formación de Polos Creativos.					
Valor de partida:	0%					
Valor previsto e data:	50%			31/05/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Crear unha contorna física adecuada con áreas para actividades de tecnoloxía, arte e colaboración, equipado coas tecnoloxías que a Administración dote ao noso centro, como impresoras 3D, computadores...	Titularidade do centro e equipo directivo.	21/12/2023	Plano do centro e contorna física.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Desenvolver programas de formación proporcionando oportunidades de aprendizaxe continua que aborden tanto habilidades técnicas como estratexias pedagóxicas para o uso efectivo dos Polos Creativos.	Equipo directivo.	01/06/2024	Documento de solicitude de grupos de traballo e seminarios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Incorporar actividades dos Polos Creativos no plan de estudos, de maneira que os estudantes poidan aplicar o aprendido nas súas clases regulares.	Profesorado.	01/06/2024	Documento do plan de acción.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 8:	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado para analizar a fiabilidade da información.				Acadado	
Responsable:	Profesorado titor.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información.					
Valor de partida:	Catro sesións.					
Valor previsto e data:	Seis sesións.			31/05/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información.	Profesorado titor.	31/05/2024	Documento coa formación dos grupos de traballo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar a información.	Profesorado titor.	31/05/2024	Software para crear a rúbrica.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado coa rúbrica xerada.	Profesorado titor.	31/05/2024	Rúbrica creada. Sitios web a analizar e dispositivos para acceder a estes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 9:	Desenvolver proxectos colaborativos empregando a rede Agueiro.				Acadado	
Responsable:	Profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de proxectos desenvolvidos en cada área empregando Agueiro.					
Valor de partida:	Cero proxectos por área.					
Valor previsto e data:	Un proxecto por área.			21/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: Formar ao alumnado nos rudimentos básicos da rede Agueiro.	Profesorado titor.	01/03/2024	Plataforma Agueiro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Crear grupos de traballo e concretar os proxectos a desenvolver.	Profesorado de cada área.	22/03/2024	Rede Agueiro.Acta/documento coa creación dos grupos de traballo e as ideas para o proxecto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Elaborar e avaliar os proxectos.	Profesorado de cada área e alumnado.	21/06/2024	Rede Agueiro. Proxectos creados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para os obxectivos marcados no Plan de Acción, non necesitamos equipamento nin infraestruturas tecnolóxicas máis alá do que xa dispoñemos.

As características do noso centro, un edificio de case cen anos, fai moi difícil a comunicación sen fíos con certa garantía. Aínda así, temos moi boa comunicación con cable en todas as dependencias do centro.

4. Avaliación do plan

Para avaliar o desenvolvemento do plan e a consecución dos obxectivos, cada trimestre realizarase unha avaliación procesual para poder modificar o que sexa necesario para a consecución dos obxectivos.

TÁBOA DE AVALIACIÓN PROCESUAL				
OBXECTIVO	DATA REV.	ACADADO Si/Non	OBSERVACIÓNS	MODIFICACIÓNS
001-A				
002-A				
003-C				
004-C				
005-E				
006-F				
007-C				
008-H				
009-H				

Por último, unha vez ao ano aremos unha avaliación final para valorar o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

TÁBOA DE AVALIACIÓN FINAL					
ÁREA DE MELLORA	Nº de obxectivos propostos	Nº/% de obxectivos acadados	Nº/% de obxectivos en proceso	Nº/% de obxectivos sen iniciar	Obs.
A	2				
B					
C	3				
D					
E	1				
F	1				
G					
H	2				
Total Plan	9				

5. Difusión do plan

Informaremos do plan ao Claustro de Profesores e ao Consello Escolar para a súa aprobación.

Logo de dita aprobación estará a disposición da comunidade educativa na nosa páxina web www.colexioferroviario.com

O plan formará parte da Programación Xeral Anual xunto co resto de plans que traballa o centro. A avaliación do plan estará incluída na Memoria final de curso.